



ORZAMENTOS DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE DO SERVIZO CONTRA INCEDIOS E DE SALVAMENTO PARA O EXERCICIO 2022

MEMORIA DA PRESIDENCIA

En cumprimento do que dispoñen os artigos 168, apartado 1), paragrafo a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e o artigo 18. 1 apartado a) do Real Decreto 500(1990 de 20 de abril, esta Presidencia eleva ao Pleno do Consorcio o proxecto do Orzamento e as súas Bases de execución para o exercicio 2022, en unión desta memoria na que se analizan os aspectos máis relevantes e que en síntese son as seguintes:

O proxecto do orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento para o exercicio 2022, que se somete á consideración do Pleno do Consorcio, ascende en ingresos e en gastos á **cantidade de 4.330.000,00 euros (CATRO MILLÓNS TRESCENTOS TRINTA MIL EUROS)**

O proxecto de orzamento presenta o equilibrio formal e real esixido expresamente polo Texto Refundido da lei de Facendas Locais e polo Real Decreto 500/90. Cumpre igualmente o principio de universalidade, dado que o orzamento xeral do Consorcio, inclúe a totalidade dos gastos e os ingresos do mesmo.

Polo que se refire ó contido do proxecto do orzamento, pódense destacar os seguintes aspectos:

DOS GASTOS

Capítulo I do orzamento, respecto o gasto do persoal, existe correlación entre os créditos do capítulo I de Gastos de Persoal, incluídos no orzamento e o anexo de Persoal de esta entidade local para este exercicio económico, ascendendo a cantidade de *194.999,44 euros* ao anexo de persoal e indicando na dotación orzamentaria as posibles variacións.

Os gastos de persoal comprenden tanto o dos cargos electos con dedicación exclusiva ou parcial como os propios do cadro de persoal.



Con respecto a os cargos electos, prevese unicamente a retribución dun cargo en réxime de dedicación parcial (para o cargo de vogal – representante da Presidencia, conforme ao acordado na sesión).

En canto ao cadro de persoal do Consorcio, estará integrado polas seguintes prazas de persoal laboral fixo:

- 1 Xerente.
- 1 Director Técnico
- 1 Administrativo – informático
- 1 Operario de limpeza

As prazas de persoal laboral configúranse como prazas de persoal laboral fixo en atención ao seu carácter estrutural, e sen prexuízo da concreta situación xurídica do persoal que actualmente ocupa as prazas.

Capítulo I en comparación co orzamento do 2021, increméntase en 11.346,49 € motivado pola adecuación salarial da praza da Administrativa–Informática (según RPT) **Representa o 4,50 % do orzamento.**

Capítulo II do Orzamento, as contías máis relevantes corresponden ás destinada para edificios, maquinaria, instalacións técnicas e utensilios, e a destinada a reforzos de persoal dos catro parques, para situacións extraordinarias que sexan solicitados polo ente, necesarias todas elas para o desenvolvemento das actividades propias do Consorcio. **Representa o 88,23 % do orzamento.**

Capítulo III do Orzamento, gastos financeiros, coa finalidade de facer fronte aos pequenos gastos que polos servizos bancarios se producen durante o exercicio económico. **Representa o 0,01 % do orzamento.**

Capítulo VI do Orzamento. Recolle os investimentos reais destinados a creación de infraestruturas e a adquisición de bens de natureza inventariable necesarios para o funcionamento dos servizos e de aqueles outros gastos de carácter inventariable. **Representa o 7,25 % do orzamento.**



DOS INGRESOS

Con respecto aos ingresos, o Consorcio financiarase, de conformidade cos seus estatutos, cos seguintes recursos:

- As achegas dos entes consorciados
- Subvencións e outros ingresos de dereito público
- As taxas por prestacións de servizos básicos, contribucións especiais e prezos públicos que se establezan de conformidade coa lexislación vixente, que nesta anualidade incrementase nun 6,60 %.
- Ingresos de dereito privado e os bens adquiridos polo Consorcio que integran o seu patrimonio.
- O produto das operacións de crédito
- Calquera outro recurso que puidera ser atribuído acordo coa lexislación vixente.

Os ingresos previstos nos orzamentos de 2022 responden fundamentalmente á estimación de ingresos polas taxas pola prestación dos servizos de prevención e intervención en emerxencias, e a aportación de UNESPA completados coas achegas dos entes consorciados (Xunta e Deputación de Ourense), nas porcentaxes establecidas nos Estatutos, que son as seguintes:

- Xunta de Galicia: 62,5 %
- Deputación Provincial de Ourense: 37,5 %

Nas bases de execución do orzamento clarifícanse tódolos aspectos relativos á xestión e execucións dos orzamentos que non están expresamente recollidos na lexislación de modo imperativo e adáptase o réxime de execución de ingresos e gastos ás peculiaridades do Consorcio.

O total dos créditos orzamentarios consignados poden considerarse suficientes para atender as obrigacións exixibles o Consorcio.

O Consorcio atópase adscrito á Deputación Provincial, polo que os orzamentos do Consorcio deberán integrarse nos orzamentos xerais da administración provincial.

Ourense, 30 de agosto de 2021

O Presidente

Asdo: Pablo Pérez Pérez

P.D.:01-08-19